

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	7	20	10	15	6	7	15	12	100
Proba escrita	50	0	50	0	0	0	30	0	0	16
Táboa de indicadores	50	100	50	100	100	100	70	100	100	84

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:
a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados.

Peso porcentual na nota de cada avaliación: 75%

b) A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran.

Peso porcentual na nota de cada avaliación: 25%

No caso de non realizarse probas teórico-prácticas nunha avaliación, o peso dos traballos teóricos e prácticos será do 100 %

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 33%
- 2ª avaliación: 33%
- 3ª avaliación: 33%

Os Instrumentos de Avaliación dos que dispoñemos para valorar estes contidos son:

Contidos conceptuais

Realización de traballos e exames propostos en cada avaliación que estarán relacionados cos aspectos teóricos, probas de cuestionarios e probas tipo test, e maioritariamente exercicios prácticos (láminas e proxectos).

Contidos procedimentais

Por medio de probas de execución e escalas de puntuación; a valoración farase individualmente, se ben poderán realizar algún traballo en grupos. Son as probas mais numerosas debido ao enfoque eminentemente práctico da materia.

Contidos actitudinais

Valórase o grao de participación activa nas propostas, a propia motivación na realización dos traballos individuais e en grupo, a puntualidade na entrega, o esforzo persoal, o interese por la materia, a colaboración cos compañeiros e no grupo, o coidado e uso do material, tanto o propio como o da clase. Esta valoración farémola mediante observación subxectiva e directa, así como a través dos rexistros diarios no caderno do profesor.

Para superar a Unidade Didáctica será necesario puntuar por enriba do 50% en conceptos e o outro 50% repártese entre:

Actitudes: 20%

Procedementos: 30 %

As actividades prácticas axustaranse sempre ás normas prefixadas polo profesor e entregaranse na data proposta. A este efecto, pódese establecer un sistema de descontos na nota, en función da causa do atraso.

Segundo o tipo de actividades, valorárase:

1. Concordancia e adecuación cos contidos a traballar.
2. Materialización dos conceptos teóricos adquiridos.
3. Creatividade e orixinalidade.
4. Acabado e presentación
5. Entrega na data acordada e polo procedemento que se lle indique para cada exercizo .
6. Dificultade e esforzo.
7. Grado de coñecemento das técnicas.
8. Coidado e uso do material didáctico.
9. Afán de superación do alumno/a
10. Precisión nas execucións dos trazados.

O alumnado que non poida realizar as tarefas prácticas de forma permanente elaboraráselles unha Adaptación do Currículo (ACI).

Probas Escritas

Na realización de probas escritas para acadar o grado de suficiencia haberá que responder, aínda que non sexa de xeito correcto, a un mínimo do 75% do cuestionario da proba.

Traballos Voluntarios

Como este Departamento entende que a materia de EPVeA é eminentemente práctica, para fomentar a presentación de exercizos, en cada proxecto ou traballo requirido, o alumnado poderá presentar de maneira xeralizada, un segundo exercicio ou traballo voluntario. A cualificación obtida será a mais alta acadada de entre as 2 probas. É dicir, non se fai media e puntúa a mais alta.

Recuperación dun traballos suspenso

De maneira xeralizada, cando un alumno/a non supera unha unidade didáctica, ten unha semana de prazo (dende que recibe a cualificación) para presentar un segundo exercicio de recuperación dos contidos ou proxectos propostos e non superados. A recuperación valorarase cos mesmos instrumentos da avaliación sumativa.

Traballos presentados fora do prazo indicado

Se un alumno ou alumna non presenta un traballo no tempo indicado, cada día que teña clase de plástica e continúen sen entregar o exercicio correspondente, será gravado na cualificación do mesmo con 1 punto menos.

Recuperación de traballos non presentados

Para recuperar un exercicio ou proxecto non presentado, o alumno/a deberá presentar 2 traballos sobre o tema e recuperar ambos. Enténdese que un corresponde co traballo que tiña que presentar no seu tempo e o segundo, coa súa recuperación.

Cualificación a Avaliación

Será o resultado da media ponderada das cualificacións dos traballos realizados nese trimestre das Unidades Didácticas correspondentes. A media ponderada establececese atendendo ao peso de cada traballo no total dos traballos entregados e establecida nas rúbricas correspondentes.

Redondeo de cualificacións

O Departamento establece conceder ao alumno a cualificación numérica inmediatamente superior cando se obteñan 5 ou máis décimas (exemplo: 5,6 = 6) e a cualificación inmediatamente inferior cando se obteñan 4 ou menos décimas (exemplo: 5,4 = 5).

Avaliación ordinaria

Será necesario alcanzar unha avaliación positiva na media dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. A nota final obterase da seguinte forma: 33% a primeira avaliación, 33% a segunda e 33% a terceira avaliación.

Cualificación final do curso

Para superar a materia é obrigatorio a presentación un mínimo do 80% das láminas ou traballos de carácter práctico, plástico e audiovisual sinalados polo profesor durante todo o curso.

* Todo/a alumno/a cunha avaliación non superada, deberá realizar actividades de reforzo dos contidos non superados (traballo monográfico ou proba de execución).

* Todo/a alumno/a con dúas avaliacións non superadas e cunha actitude favorable necesitará realizar actividades de reforzo e/ou superar unha proba adicional ou tarefas complementarias para aprobar.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 33%

- 2ª entrega: 33%

- 3ª entrega: 34%

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Tras a avaliación inicial, entendida esta como un recurso preventivo na atención á diversidade, podemos dar conta das necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado, recollidas na concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade para o curso 2022/23.

No actual curso escolar, a resposta educativa para este alumnado, organízase a través das seguintes medidas de